

Descripción do percorrido.

Comezamos o noso percorrido, despois de tomar o café na Fonsagrada, no pobo abandonado de Murias, con antigas construcións típicas galegas entre as que se atopa unha palloza moi ben conservada e varios hórreos de influencia asturiana, con planta cadrada e cuberta piramidal de palla ou lousa. Dende ahí iniciamos a subida en dirección a Silvachá, collemos un camiño á dereita que baixa ata o regacho de As Covas e, ao chegar ao río, atopámonos cunha magnífica paraxe, cunha ponte de madeira (a ponte de Ambasmestas) xusto no lugar en que se unen os regachos de As Covas e Valdobarreiro. Cruzamos o regacho de Valdobarreiro e ascendemos ata chegar ao Castro de Castañoso, obxectivo da nosa camiñada, onde actualmente traballa un equipo de arqueólogos que tenta preservar os restos do Castro. Especial interese ten unha estrutura abovedada que se supón que puido funcionar como sauna e que podería ser a antesala dunha construción maior que os arqueólogos tentan destapar. A continuación pasaremos á beira dun enorme "cortín" (construción circular feita de pedra, e que servía para resgardar as colmeas dos ataques dos osos) construído utilizando as pedras do castro. Séguese a ruta entre bosques de grandes castaños pola ladeira dunha montaña picada para a extracción de ouro, onde se aproveitou despois a chaira formada polos refugallos para erixir a capela de Santiago, hoxe en día en estado de abandono pero no medio dun inmejorable marco natural, rodeada dun gran número de "corrizas", o que nos fala do aproveitamento comunal dos castiñeiros. Nesta capela e arredores celebrábanse as festas de Castañoso e pobos próximos cando en tempos non moi afastados estaba prohibido o dereito de reunión. Dende aquí achegarémonos ao Muiño de Penallo, en ruínas pero nunha contorna de castiñeiros espectaculares e cunha bonita ferverza que servía para facer funcionar o muiño. Sóbese entón por un carreiro entre castiñeiros e carballos ata o núcleo de Silvachá e dende alí, por pista forestal baixamos de novo ao Rego das Cobas, á altura do Muiño do Abade, atravesamos o rego e subimos por unha carballeira ata a pista forestal que nos levará ata o bus. Regresaremos a Coruña non sen antes facer unha paradiña na Fonsagrada para "refrescarnos" nalgúns dos seus múltiples bares.

MIDE		RUTA POLO CASTRO CASTAÑOSO	
horario	5h 15'		1 severidade do medio natural
desnivel de subida	782 m		3 orientación en el itinerario
desnivel de bajada	497 m		2 dificultade en el desplazamiento
distancia horizontal	15,4 Km		3 cantidade de esforzo necesario
tipo de recorrido	Travesía		

Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.
Calculado sobre datos de 2018.



✓ PROXIMAS ACTIVIDADES 2019

- ✓ **Abril.- 7:** Xunqueira de Ambia OU
- ✓ **Abril 18/21:** Noja-Cantabria (S. Santa) CA
- ✓ **Abril.- 28:** Ferrolterra C
- ✓ **Maio.- 12:** Entre Ferverzas (Rios Castro e Beelle) C
- ✓ **Maio.- 16/19:** Os pasadiços de Paiva y otra PT
- ✓ **Xuño.- 2:** Serra do Candan (2º Asalto) PO
- ✓ **Xuño.- 22/24:** Picos de Europa (Pendiente definir) AS
- ✓ **Xuño.- 30:** Illa de Salvora (Pedestre e Marítima)
- ✓ **Xullo.- 14:** Polas Fragas do Eume + Piraguas C
- ✓ **Xullo.- 25:** Saida Internacional a Slovenia
- ✓ **Setembro.- 15:** S. Andres de Teixido a Teixedelo C
- ✓ **Setembro.- 28/29:** Os Povos Promiscuos Portugal PT
- ✓ **Outubro.- 6:** Entre Penedos(Pasarela, e Mórdomo) C
- ✓ **Outubro.- 20:** Ruta megalítica por Corrubedo C
- ✓ **Novembro.- 1-3:** O' Courel do Poñente LU
- ✓ **Novembro.- 17:** Pola contorna do Tambre e Trazo C
- ✓ **Decembro.-** P.C. Ponferrada (Montes Aquilanos) LE
- ✓ **Decembro.- 15:** Pola Bisbarra Luguesa e Cocido LU



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



24 de MARZO de 2019

RUTA POLO CASTRO CASTAÑOSO

Fonsagrada
(Lugo)

15,4 kms.

